

Expediente.: segunda licitación postos da praza de abastos de Goian

**Informe de secretaria**

**Asunto: Sobre a non utilización de medios electrónicos**

**Natureza do informe: definitivo**

**Documento asinado por: a Secretaria do Concello Catalina Echevarria**

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), veu a xeneralizar a utilización de medios electrónicos en todos os expedientes e procedementos de contratación, por iso a posibilidade de non utilizar medios electrónicos no suposto concreto da presentación de ofertas e proposicións, **debe ser aplicada de forma moi restritiva, e amplamente xustificada nalgún dos motivos taxados que recolle o apartado terceiro da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP**].

No entanto, os órganos de contratación non estarán obrigados a esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas en determinados supostos.

Á vista das características do contrato de licitación dos postos 1,3 e 4 da praza de Abastos de Goian e da documentación técnica achegada, emito o seguinte,

## **INFORME**

PRIMEIRO. A presentación de solicitudes de participación en relación co expediente mencionado non pode ser realizada a través de de medios electrónicos polos seguintes motivos:

.-A carencia no Concello de medios electrónicos equipos informáticos e equipos ofimáticos especializados dos que debería dispor obrigatoriamente o órganos de contratación se ben estase a espera de que a Xunta de Galicia implemente a súa propia plataforma de licitación electrónica, estando adherido o Concello de Tomiño, na actualidade á plataforma de contratación da mesma tal e como consta no

correspondente INFORME DA XUNTA DE GOBERNO, órgano de contratación al efecto nas súas funcións de asesoramento da alcaldía, que obra no expediente

SEGUNDO. A non utilización de medios electrónicos non impide que en todas as comunicacións, intercambios e almacenamento de información presérvase a integridade dos datos e confidencialidade das ofertas e as solicitudes de participación. Desta forma, asegúrase que non se examinará o contido das ofertas e solicitudes de participación ata que venza o prazo previsto para a súa presentación.

TERCEIRO. Que por parte do órgano de contratación deberá emitirse acordo sobre a procedencia da non utilización de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas en relación co expediente de referenciado anteriormente polo que as mesmas serán realizadas en papel